


LABORATORIO ESCOITASME? NAS AULAS



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



FUNDACIÓN



LUIS SEOANE



Fundación
María José Jove

LABORATORIO ESCÓITASME? NAS AULAS

LABORATORIO ESCÓITASME? NAS AULAS

Organiza:

Concello da Coruña

Fundación Luis Seoane

Fundación María José Jove

Dinamización:

Silvia Longueira

Patricia Amil

Fermín G. Blanco

Antón Lezcano

+info:

<https://escoitasmex.com/>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. 50 DÍAS, 6 DÍAS Á SEMANA, 100 HORAS DE GRABACIÓNS

3.RESULTADOS... UNHA EXPOSICIÓ E UN PROXECTO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

4.DINÁMICA

5. METODOLOXÍA DO PROGRAMA

PROPOSTA DO CONCELLO DA CORUÑA PARA AS AULAS

**PROPOSTA PARA REALIZAR: LABORATORIO
ESCÓITASME? NAS AULAS**

CALENDARIO PARA TRIMESTRE 2021

ORZAMENTO PARA TRIMESTRE 2021

CONTACTO



INTRODUCCIÓN

O 14 de marzo de 2020, decretábase o estado de alarma en todo o país. A pandemia do COVID19 chegara até as nosas cidades e ía incidir na nosa vida con cambios que aínda non éramos capaces de imaxinar. Estabamos (e estamos) perplexos; dispostos a seguir as ordes de confinamento e a construír o futuro con novos hábitos para preservar a saúde, a economía e todo o que entendíamos forma parte dun sistema social que mudou instantaneamente. E creemos que foi o sustantivo “instantáneo” o que de algún xeito deu lugar ao que sería unha actividade didáctica que tiña tantas incertidumes coma encanto.


A actividade da Fundación Luis Seoane, tanto no eido expositivo coma didáctico, quedaba cancelada xa que os museos pechaban en todo a nación até nova orde. As exposicións recién inauguradas apagaron as súas luces e quenes acudían as nosas actividades, encontros, obradoiros... recluíanse nas súas casas á espera do descoñecido.

Nese momento, unha equipa de Educación Artística coincidimos na posibilidade de trasladar parte do que se facía nos obradoiros da Fundación Luis Seoane para nenos e nenas á unha plataforma en liña. Até entón, pouco empregada de xeito colectivo e que supuña tamén para a Fundación Luis Seoane unha aprendizaxe. Presumindo, ademáis, que o confinamento ao que nos destinaban duraría algo máis de 15 días.

50 DÍAS, 6 DÍAS Á SEMANA, 100 HORAS DE GRABACIÓNS

Plantexamos Laboratorio Escóitasma? para quince días, fixemos unha difusión en redes e enviamos mensaxes ás familias que acudían aos nosos obradoiros. Máis de 30 persoas con un rango de idade entre os 4 e os 75 anos chegaron a coincidir nalgunhas das 50 sesións que durou Laboratorio Escóitasma? Desde o 21 de marzo ao 22 de maio de 2020. Foron 50 días continuados desde as 17 ás 18 horas da tarde.

Laboratorio Escóitasma? púñase a funcionar sete días depois de que confinasen a todo o territorio español. Excepto o domingo, tódolos días eran Laboratorio Escóitasma?



RESULTADOS... UNHA EXPOSICIÓN E UN PROXECTO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

O material elaborado polos participantes durante os 50 días de confinamento, amosa como o emprego da ferramenta informática, a transmisión do coñecemento a través de proxectos sinxelos e a transversalidade das relacións persoais espidas de xerarquías pero con normas de orden e intervención, conformaron un proxecto de educación artística singular.

Escóitasma? é un proceso de educación non reglada baseado na idea de transmitir o Universo Seoane a través das propostas artísticas dos creadores convidados, os dinamizadores do encontro e as achegas dos participantes.

"...construir un entorno afectivo e distendido potenciando habilidades coma ironía, coma o humor, coma a axuda e a colaboración..."

É un proxecto participativo e inclusivo que trata de construír un entorno afectivo e distendido potenciando habilidades como a ironía, o humor, a axuda e colaboración e a rotura de estereotipos en aras a que os participantes poidan atreverse a pescudar no territorio da creatividade.

DINÁMICA

Escóitasma? Funciona sobre a dinámica dos retos plantexados por un artista en base ao legado de Luis Seoane. De feito, o nome da actividade parte de facer un xogo entre o concepto do **Laboratorio de Formas ideado por Seoane, Díaz Pardo e Albalat** e a frase que case todos decimos ao conectarnos entre nós: escóitasma?

Para o proxecto Escóitasma? nas aulas traballaremos a través dunha plataforma en liña (Webex). Conectaremos artistas con grupos de escolares sen que estes saian da súa propia aula e adaptaremos o cronograma aos tempos e contidos dos curriculums pedagóxicos de cada curso para favorecer un acompañamento dos artistas durante o proceso creativo dos participantes.

Tódalas sesións contarán coa dinamización da equipa de Laboratorio Escóitasma?:

- Dirección da Fundación Luis Seoane.
- Departamento de Didáctica da Fundación María J José Jove.
- Antón Lezcano, deseñador e xestor cultural.
- Fermín Blanco, arquitecto e educador .



METODOLOXÍA DO PROGRAMA

1. Sesión primeira con artista convidado

Tempo de saúdos e intercambio de ideas, conversa, coñecemento do ámbito artístico, coñecemento do nivel curricular, etc...

Presentación do artista convidado. Preséntase ao artista que ten un espazo para compartir e amosar a súa obra a través da plataforma on line.

Lánzase un reto de cara ao falado polo artista e tendo en conta a obra e o legado de Luis Seoane.

Tempo para propoñer ideas, accións ou un “palabro” (palabra inventada na sesión). Proposta dunha intervención de cara a materializar “o palabro”.

2. Sesión de apoio e seguimento

Durante o proceso de creación dos retos lanzados polos artistas terán lugar, antes da sesión final, unha ou varias sesións de seguimento e apoio aos participantes por parte da equipa dinamizadora.

3. Sesión final de presentación dos traballos/evento

Tempo de saúdos e intercambio de ideas, conversa, coñecemento do ámbito artístico, coñecemento do nivel curricular, etc...

Amósase de un en un e sen xerarquías os traballos realizados (profesores, alumnos, dinamizadores, etc...).

Amósanse os traballos presentados sobre os “palabros” (podía facerse noutras sesións ao longo do proxecto).

Tempo de recoller propostas e melloras/posibilidade de celebración dun evento.



INXILIO



PROPOSTA PARA REALIZAR: LABORATORIO ESCÓITASME? NAS AULAS

**Concello da Coruña, Fundación Luis
Seoane & Fundación María José Jove**

O Concello da Coruña apoiado pola idea e loxística da Fundación Luis Seoane en colaboración coa Fundación María José Jove propoñen levar esta actividade en liña ás aulas da área da Coruña.


**Un proxecto que se constrúe coa vocación de
periodicidade e de crecer.**

Xá que a situación de pandemia propicia que os colexios non poidan achegarse á exposición e ás actividades didáctica da exposición Escóitasmé? Propoñemos a seguinte planificación:

- Ofrecer trimestralmente a actividade Laboratorio Escóitasmé? Nas aulas.
- A actividade pode facerse extensiva desde 6 á 18 anos.
- Poderá ofertarse Escóitasmé? a tódalas aulas que o desexen.
- Os profesores dos grupos participantes terían por adiantado toda a información precisa sobre o desenvolvemento das sesións.
- Haberá unha sesión inicial formativa para o profesorado que participe no programa. Ao marxe desta sesión, os profesores poderán solicitar cantas sesións precisen xá que Escóitasmé? é un proxecto en proceso aberto, que se constrúe coa vocación de periodicidade e de crecer nas aulas.

**"...unha ferramenta de aprendizaxe e de
ensino..."**

- Escóitasmé? naceu da necesidade/oportunidade dunha situación sanitaria de emerxencia. Ese feito puntual transfórmase agora en una ferramenta de aprendizaxe e de ensino; coa convicción de poder inferir sobre a percepción da creación artística nos modelos de ensino.



DINÁMICA DE ESCÓITASME? NAS AULAS

Manual de uso


a) Escóitasmé? terá o **MANUAL DE USO**; un caderno/guía para que cada docente poida seguir aplicando a metodoloxía desenvolvida en Escóitasmé? a través dos seus retos, creación de eventos, convite de artistas...

b) Cada aula terá tres sesións con un artista (explicado no apartado 1.- Dinamizadores con artista convidado) con unha semana de diferenza. Sería o tempo que se tería para a realización dos traballos propostos.

Nesta segunda sesión faríase tamén a proposta da invención dun palabra, posible realización doutras accións que surxan de xeito espontáneo.

c) Na última sesión haberá a posibilidade de presentación de traballo ou realización dun evento.

d) Ao final de cada trimestre, e en coordinación con tódalas aulas do colexio faríase un evento (explicado no apartado 3.- Sesión con evento)



POSIBLE CALENDARIO PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2021

Días da semana: MARTES, MÉRCORES E XOVES.

Cada conexión será dunha hora de duración (preferiblemente entre as 10 e as 12 horas).

Calendario de xaneiro, febreiro e marzo 2021:

Artista 1

26 de xaneiro // 2 de febreiro // 9 de febreiro

Artista 2

27 de xaneiro // 3 de febreiro // 10 de febreiro

Artista 3

28 de xaneiro // 4 de febreiro // 11 de febreiro

Artista 4

2 de marzo // 9 de marzo // 16 de marzo

Artista 5


3 de marzo // 10 de marzo // 17 de marzo

Artista 6

4 de marzo // 11 de marzo // 18 de marzo









CALICASA


HISTORIA DUN POBO ANDALUZ



EDITORIAL SEOANE







CONTACTO

Fundación Luis Seoane

info@fundacionluisseoane.gal
+34 981 216 015
San Francisco 27, 15001 A Coruña

Sistema Lupo

info@sistemalupo.com
+34 981 22 52 67
Santiago 4, 1º dcha, 15001 A Coruña